




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Boiro. Parroquias: repartidas entre Santa Baia de Boiro ao noroeste, Santa María de Castro ao suroeste, unha estreita franxa en San Cristobo de Abanqueiro ao sueste, e San Vicenzo de Cespón na esquina nordés. Extensión: 9,14km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha área na que se pode diferenciar o sector occidental, que compón a Enseada de Boiro; e outro sector oriental, no que a liña de costa é xeralmente rochosa e recortada. Pode afirmarse que os promontorios correspondense con substratos graníticos hercínicos, mentres que as enseadas, como a mencionada de Boiro, ou a de praia de Carragueiros, identifícanse con materiais holocenos. A grandes liñas, a morfoloxía interior da unidade caracterízase por unha extensa chaira litoral, sen grandes contrastes de relevo, excepto no norte, onde os cursos fluviais adaptaciónse ás liñas de fractura para encaixar nas ladeiras montañosas da Serra do Barbanza.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio do plutónico de Idade hercínica, un granitoide migmático, con áreas de facies graníticas homoxéneas e outras de aspecto nebulítico. O S. da unidade, desde Praia de Careixo ao límite sueste, incluíndo Cabo da Cruz, contén granodiorita biotítica con megacristais de Idade tardihercínica. Destaca na unidade a variedade de especies rochosas que é posible atopar. Demóstrase cos numerosos enclaves e bandas que acompañan ao granitoide: ortogneis glandular prehercínico; granodiorita precoz con megacristais; xistos e paragneises precámbrico-silúricos do Dominio Migmático e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe; xistos e paragneises, Precámbrico-cámbricos (Complexo de Noia); e un dique de aplitas. Estas dúas últimas especies, na esquina NE. da unidade. O Cuaternario ten especial representación na unidade nos depósitos arenosos da praia e duna de Praia Xardín, e nos surcos tectónicos e áreas deprimidas con depósitos que conteñen materiais detríticos derivados da meteorización do substrato.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A enseada de Boiro caracterízase por unha temperatura media anual superior a 15°C, precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm, e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Inclúese no ambiente climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Presenza dos núcleos urbanos de Boiro e Cabo de Cruz ao sur da unidade o que condiciona notablemente a evolución dos chans neste sector, facéndose moi frecuentes os antrosos. Arenosos na liña de costa que alcanzan maior relevancia en torno ás praias de Baraña e Carragueiros. Polo demais na chaira dominan os chans tipo cambisol eútrico e xa na cabeceira do arroio de Breiro os umbrisois, algo menos desenvolvidos debido ao incremento da pendente.


AS AUGAS

A ampla chaira litoral asociada á Enseada de Boiro recibe o achegue de varios arrosos, entre os que destaca o de Breiro, ao oeste, e o arroio do Saliño, ao leste; pero desembocando ambos na praia de Baraña. O promontorio de Cabo de Cruz, con O Castríño e Monte Agudo actuando como liña divisoria de augas, conduce a maior parte da escorrentía cara á mencionada praia, ou cara á costa directamente nas ladeiras meridionais, como é o caso do pequeno arroio situado nas proximidades do parque acuícola da praia da Retorta. O conxunto das Augas Costeiras da unidade identifícanse co código 20160.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Fronte mixta no que destacan os complexos sedimentarios de Praia Xardín e Praia de Carragueiros. Ademais dos hábitats 1110 e 1140, de bancos arenosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, que orlan toda a fronte costeira da enseada, hai que destacar os hábitats dunares atlánticos (grupo 21) destes dous complexos. Tralás dunas aparecen senllas zonas hidromorfas en diferentes graos evolutivos. En Praia Xardín esta maniféstase con zonas con prados hidromorfos, potencialmente os hábitats 6420 e 6430, ademais de diversas masas arbóreas ripícola (91E0) de diferentes tallas. En Carragueiros, ademais deste patrimonio, aparece unha antiga lagoa costeira (1150), moi artificializada polo ser humano. A horizontalidade do resto da chaira costeira tamén favorece estes hábitats herbáceos e arbóreos de carácter higrófilo. Sumando os mesmos ambientes, atópase o Rego Breiro e, en menor medida, outros arrosos menores, como o Rego do Saltiño.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na franxa que transcorre desde o final do areal da praia de Retorteiro cara ao sur desta unidade desenvólvese a actividade industrial propia do porto e a zona de marisqueo destinada principalmente ao cultivo de mexillón. Existen naves da industria conserveira e un criadeiro de marisco na praia da Retorta. É importante sinalar a presenza da planta de coxeneración e unha depuradora en punta Esteiro. Na contorna de Boiro numerosos areais sucédense nesta franxa costeira, convertíndoa nunha contorna moi atractiva desde o punto de vista turístico. Destacan tamén os núcleos de Aldea de Arriba, Bandalrío, Esteiro, Pesqueira e Cariño vinculados tanto co porto de Cabo de Cruz no extremo sur da península. A medida que nos diriximos ao norte o armazón de usos que forman as vivendas dos núcleos rurais e asentamentos recentes e o seu parcelario asociado vaixe alternando con masas de matogueira, masas mixtas e árbores de repoboación. O uso industrial no polígono de Fontecoba na área norte separado do resto da unidade polo tramo da variante AG 1.1 do Barbanza. Cabe destacar a existencia dunha central fotovoltaica no mesmo. A ampla chaira litoral asociada á Enseada de Boiro recibe o achegue de varios arrosos, entre os que destaca o de Breiro, ao oeste, e o arroio do Saliño, ao leste; pero desembocando ambos na praia de Baraña.

MORFOLOXÍA

Todo o conxunto presenta discontinuidades debido á ausencia dunha orde lexible no modelo territorial. Aínda que na chaira peninsular próxima á enseada de Boiro aséntanse os núcleos máis relevantes, que confiren o carácter de vila tradicionalmente mariñeira con vivendas de morfotipoloxía tradicional. O núcleo urbano de Boiro responde a unha tipoloxía de vivendas residenciais de maior volume e desenvolvemento vertical en viarios máis anchos. Por último destacar a existencia de naves industriais no polígono de Fontecobas ao norte, e ao sur as destinadas á actividade relacionada coa industria marítimo pesqueira. Identifícanse como núcleos de identidade do litoral A Pesqueira, Banda ó Río e Esteiro.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria forma un armazón complexo. Por unha banda a estrada AC-305 que percorre a unidade de norte a sur e comunica os núcleos máis relevantes co núcleo de Boiro, do que parten outras vías secundarias en dirección á costa e outras pequenas poboacións próximas. O tramo da vía do Brabanza AG 1.1 rompe a continuidade da masa forestal existente e empalma coa estrada AC-305 proporcionando entrada ao núcleo de Boiro e participación na actividade socioeconómica da comarca do Barbanza. Na franxa litoral existe un paseo marítimo peonil de máis de 3 qm bordeando a praia de Baraña. Ademais de camiños e pistas que entrelazan as áreas destinadas ao cultivo agrícola e de uso forestal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacar como xacementos arqueolóxicos os castros de Goritas, O Alto do Castro, o de Runes e o do Achadizo. Tamén hai diversos petroglifos e de forma illada a mámoa de Espiñeira. Destacan os lugares de Boiro, Castro e Cespón nos que hai varios destes achados e pola riqueza do seu patrimonio cultural e etnográfico incluíndo casas, pombais, hórreos, cruceiros, ermidas, igrexas, o Pazo de Esteiro en Castro e o Pazo de Fonteneixe en Boiro. No núcleo de Araño destaca o hórreo da reitoral e o conxunto que forma coa igrexa parroquial de Santa Baia e a casa reitoral. Os festexos máis importantes son as "Festas do Verán" no núcleo urbano de Boiro, que teñen un previo coas celebracións relixiosas do "Santísimo" a última fin de semana de Xuño.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Boiro, situado na marxe norte da ría de Arousa é a entidade de poboación máis importante da unidade. Experimentou un crecemento notable grazas ao interese turístico que ofrecen os seus grandes areais e debido tamén á actividade marítimo pesqueira, sobretudo na industria conserveira. A altitude media sobre o nivel do mar non supera os 10 metros en gran parte da área que ocupa esta unidade na península. Desde a franxa que transcorre próxima á enseada de Boiro e a franxa litoral máis ao sur que vai desde o final da praia no promontorio de cabo da Cruz até a punta do Chazo desenvólvese a actividade marítimo pesqueira. Desde aquí o relevo vai aumentando até chegar ao tramo da autovía do Barbanza onde se sitúa o polígono industrial de Fontecobas.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase un importante descenso das parcelas destinadas ao uso agrícola sobretudo debido ao desenvolvemento urbano que experimentou Boiro, grazas ao impulso do sector conserveiro, tamén os núcleos próximos ao porto de cabo de Cruz creceron notablemente, así como os novos asentamentos nas marxes das estradas que comunican as poboacións da unidade. As masas forestais incrementáronse lixeiramente na zona litoral, pero ao norte o desenvolvemento dun polígono industrial e tamén debido á mellora das infraestruturas viarias desprazaron a densa masa forestal existente.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade desenvólvese sobre unha chaira na que destaca a enseada de Boiro. O litoral posúe abundantes areais e próximos a estos aséntanse varios núcleos de carácter mariñeiro conformando en conxunto unha península. Entre estes núcleos destaca Boiro polo desenvolvemento urbanístico que experimentou nos últimos anos e máis ao sur os núcleos próximos ao porto de cabo de Cruz que aínda conservan o carácter rural. Cara ao interior e en dirección norte a combinación do minifundio de parcelas destinadas ao cultivo agrícola e as masas de árbores vai gañando altitude, dando unha profundidade de campo ao conxunto que dota de singularidade desta paisaxe. A punta Piñeirón ofrece unha boa panorámica. O miradoiro da Curota ofrece amplas panorámicas das rías de Arousa e de Muros e Noia así como numerosas perspectivas das súas unidades de paisaxe.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecedo desvinculado das funcións urbanas e rurais, desenvolvido en Punta do Esteiro, ata o núcleo de Agarimo, desvinculado das funcións urbanas e rurais, co obxecto de compatibilizar os usos produtivos existentes cos residenciais e co asentamento rural tradicional de Agarimo, evitando a banalización da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



